

## Ditame inicial da Conta xeral do exercicio 2023

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio orzamentario do ano 2023 por prazo de quince (15) días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

A documentación indicada encontrárase publicada no portal de transparencia da Corporación municipal.

Vilalba, 9 de agosto de 2024.- A alcaldesa da Corporación, Marta María Rouco Seoane.

R. 2451

## VIVEIRO

## Anuncio

Publícase anuncio da proposta do Tribunal nomeado para o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de “PROFESOR/A DE SAXOFÓN 50% XORNADA COMPLETA” que foi elevada a esta Alcaldía como resultado do proceso selectivo.

**PROPOSTA DO TRIBUNAL RELATIVO AOS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS QUE SE CONVOCAN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA OU PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE VIVEIRO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 – TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª E 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), COTA XERAL, SISTEMA CONCURSO, ACCESO LIBRE, EN RELACIÓN CO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE UNHA PRAZA DE “PROFESOR/A DE SAXOFÓN 50% XORNADA COMPLETA” FUNCIONARIO DE CARREIRA.**

**A) BAREMO DE MÉRITOS (Base Xeral 12) :**

O Tribunal designado por Resolución de Alcaldía de data 11 de abril de 2024, realiza as valoracións da fase de concurso ao respecto dos/das aspirantes admitidos/as, e outorga por unanimidade as seguintes puntuacións e cualificacións finais:

APELIDOS E NOME	MESES A1	MESES A2	MESES A3	MESES A4	MESES A5	TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL OUTROS MÉRITOS	TOTAL PUNTUACIÓN
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ GERARDO	40	0	0	0	0	8,800	20,000 *	28,800

\* Acadada a máxima puntuación, segundo as bases, constando máis méritos aportados nese apartado.

**B) CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS (Base Xeral 13) :**

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	FERNÁNDEZ ÁLVAREZ GERARDO	28,800

**C) RELACIÓN DAS PERSOAS SELECIONADAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL (Base Xeral 14.1)**

Á vista das cualificacións outorgadas, o Tribunal, por unanimidade, formula proposta de selección ante a Alcaldía a favor de **D. GERARDO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ** para a cobertura de unha praza de “PROFESOR/A DE SAXOFÓN 50% XORNADA COMPLETA” no Concello de Viveiro, como funcionario de carreira ao obter a maior cualificación final.

O Tribunal eleva esta proposta á Alcaldía, no seu caso, para a súa Resolución de aprobación e publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es), no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia.

Viveiro, 9 de agosto de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2452